

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Lembren que, no mes de setembro, as alumnas e alumnos de 4º de Educación Infantil teñen un período de adaptación ao colexio e rutinas escolares. Por esta razón, durante os primeiros días do curso non farán o horario completo (de 9:10 h a 14:10 h), senón que terán curtos períodos de permanencia no centro. Este horario seralles comunicado, no seu momento, antes do inicio do curso.



ACTITUDE POSITIVA COA ESCOLA

A familia contribuirá positivamente se mantén unha actitude de confianza e non amosa preocupación excesiva ante a separación do seu fillo/ a pola ingreso na escola.



Non usen a escola como ameaza nin como castigo.

Non digan frases como:

“Xa verás cando vaías ao cole !”

ou

“Non te van querer no colexio !”

A escola é un lugar para aprender e convivir.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CEIP de Ponte Sampaio



<https://www.instagram.com/ceippontesampaio/>

XA FALTA POUCO

A súa filla/ o seu fillo vai comezar unha etapa de gran transcendencia na súa vida, xa que o momento de entrada na escola ten moitísima importancia na evolución das nenas e dos nenos.

Vai coñecer xente nova, lugares diferentes, fórmulas distintas de relación ...

É conveniente que preparemos este momento con agarimo e coidado.

Dende a casa hai algunhas cuestións que debemos atender:

Comer correctamente axuda a pronunciar mellor. É recomendable morder e mastigar alimentos con diferentes texturas (froitas, pan, galletas...)

Para favorecer a súa
LINGUAXE
é necesario...

Aproveitar calquera situación para ampliar o vocabulario: cantar cancións, comentar situacións da vida cotiá, de películas, lerlle contos...

Prescindir do chupete e do biberón, xa que o seu uso prolongado produce deformación na boca.

Falarlle cunha linguaxe clara e sinxela, pero correcta.

É importante !!!

Que veñan ao cole con roupas cómodas e folgadas, fáciles de quitar e poñer, para poder ir ao baño de forma autónoma.

Os tenis, mellor con velcro.

É o momento de que deixen os cueros.



FACILITE que o seu fillo/ a xogue con outros nenos e nenas (parque, ludoteca, casa...) para acadar certo grao de socialización que favorecerá as súas futuras relacións na escola.



PROCURAR que se habitúe a ir ao servizo, limparse, lavar as mans, sacar os mocos, poñer e quitar prendas sinxelas, comer sós, recoller os seus xoguetes... Todo aquilo que estea ao seu nivel e que lle poida proporcionar autonomía.

